TÍTULO	Nº de plazas ofertadas	Preinscripciones en 1ª opción	Preferencia %	Ocupación %
2019/2020	220	497	235,8%	104,4%
2018/2019	220	384	142,3%	102,6%
2017-2018	220	383	174,09%	102,73%

Tamén se observou un incremento progresivo da nota media necesaria para cursar o título nas Escolas de Ourense, Pontevedra, Meixoeiro e Povisa. Por outra banda, o interese social do título tamén se evidencia na demanda de titulados tanto no territorio nacional como a nivel internacional.

Os egresados incorpóranse facilmente ao mercado laboral.

Perfil de ingreso del alumnado por curso académico: en canto ao perfil do alumnado de novo ingreso (I04-AC) por prescripción na titulación, pódese observar na seguinte táboa:

	CURSO	> 25 años	>45 años	Valid. extranjer os	FP	BACH	Diplomados	Licenciados	Máster	Habilitac extraord	Graduados	Sin asignar	TOTAL
EUE MEIXOEIRO	2017-2018	1		1	17	33					1		53
	218-2019	1	1		20	29				1	1	1	54
	2019-2020	1	1	2	19	26					1		50
EUE OURENSE	CURSO	> 25 años	>45 años	Valid. extranjer	FP	BACH	Diplomados	Licenciados	Máster	Habilitac extraord	Grado	Sin asignar	TOTAL
	2017-2018	1			19	31					1		52
	218-2019	1			19	25	1	1		2			49
EUE PONTEVEDRA	2019-2020	2	1		11	34		1			1	1	51
	CURSO	> 25 años	>45 años	Valid. extranjer	FP	BACH	Diplomados	Licenciados	Máster	Habilitac extraord	Graduados	Sin asignar	TOTAL
	2017-2018	1	1	1	20	30							53
EUE POVISA	2018-2019	1	1		21	27		1					51
	2019-2020	2		1	13	33					1		51
	CURSO	> 25 años	>45 años	Valid. extranjer	FP	BACH	Diplomados	Licenciados	Máster	Habilitac extraord	Graduados sup	Sin asignar	TOTAL
EUE POVISA	2017-2018	3	1	2	30	35					1	1	73
	2018-2019	2			27	42							71
	2019-2020	1	1	1	19	46	1						69

No cursos 2018/19 e 2019-2020, nos catro centros, a modalidade de acceso maioritaria é bacharelato, seguida de FP, titulados e maiores de 25 anos e a procedencia da mayoría do alumnado é a Comunidade Autónoma galega.

Na mesma liña, podemos constatar que a nota mínima de acceso (I01(2)-AC) do alumnado de novo ingreso é elevada e mantén una progresión ao alza., como se pode ver no resumo histórico que se plasma a continuación:

Nota mínima de acceso				
CURSO	Ourense	Pontevedra	Meixoeiro	Povisa
2019/2020	9,56	9,81	10,08	9,18
2018/2019	9,57	9,48	9,84	8,78
2017-2018	9.23	9.41	10.06	8.43

Curso de adaptación: cumple a súa función en canto á adquisición de competencias, por parte dos estudiantes que o cursan e adecúase ao establecido na Memoria de verificación do título, con todo, o número de matrículas no curso de adaptación ao grao é moi baixo, sendo no curso 2019/2020 un matriculado en Ourense, ningún en Pontevedra nin en Meixoeiro e 3 en Povisa.

Desenvolvemento da actividade académica: A memoria vixente do título de Graduado/a en Enfermería recolle as competencias que ten que adquirir o alumnado ao finalizar os seus estudos. Carácter dos ensinos (formación básica, obligatorias, optativas, etc.) xunto á correspondente asignación de ECTS se adecúa ao recolleito na memoria do título e ao publicado nas páxinas webs de cada centro.


No curso 2018-19, como acción de mellora da titulación tras o proceso de Acreditación 2016-17, acórdase realizar a declaración de interese para a modificación da Memoria vixente que aínda que foi presentada, finalmente por falta de acordo nas modificacións para implementar por parte dun centro, quedou posposta para o curso 2019-2020, curso no que trala presentación dunha nova solicitude de modificación da Memoria por tres centros, houbo unha reunión no Vicerreitorado e volveu a pospoñerse (VER SIGC).

- > A presencialidade do alumnado que figura na memoria do grao é elevada, razón pola que se acorda, No curso 2018-2019 e por indicación da Vicerreitoría de Organización Académica, unificar a PDA e axustar a presencialidade á esixida na Universidade de Vigo e non á que figura na memoria. A presencialidade na Uvigo debe estar entre 30-35%.
- > Os idiomas de impartición dos ensinos no Grao de Enfermería son: galego e castelán e inglés na materia de 1º curso, inglés técnico.
- > A oferta de módulos e materias correspón dese co establecido na memoria verificada e nas sucesivas modificacións.
- > Desde as coordinacións de curso revisanase as guías docentes que recollen a metodoloxía docente, sistemas de avaliación e cualificación, así como a planificación de actividades. A planificación e desenvolvemento do ensino leva a cabo anualmente. Os contidos das materias revisanse e actualizan permanentemente. No desenvolvemento das actividades académicas comprobábase a súa conformidade co establecido na Memoria verificada do título e posteriormente pásase á aprobación da Comisión de Calidade e Xunta de Escola. A través da detallada planificación elaborada polo profesorado nas correspondentes guías docentes, o desenvolvemento das actividades académicas, competencias asociadas ás materias, metodoloxías docentes, pinzas de avaliación e cualificación, unha vez corrixidos algúns aspectos, permiten a consecución das competencias que debe adquirir o alumnado, aínda que os aspectos corrixidos expoñen a necesidade de realizar algunha modificación non substancial da memoria no relativo a estos apartados, modificacións que se terán en conta no próximo intento de modificación da memoria no curso 2020-2021.
- > No curso 2019-2020, foi necesario modificar a metodoloxía docente como consecuencia da situación de pandemia vivida (VER DocNet). A docencia foi impartida a partir de 15 de marzo de maneira virtual, inicialmente a través da plataforma Faitic e a partir do 25 de abril facendo uso do Campus Remoto da Universidade de Vigo. A pandemia tamén afectou á avaliación, que foi realizada de forma virtual.

- > No curso analizado, incorporáronse medidas de continxencia, que afectaron á presencialidade e á avaliación das materias do segundo cuadrimestre e ao segundo período de avaliación. Isto supuxo a elaboración dun Anexo das GUÍAS DOCENTES. Todos os cambios foron comunicados ao alumnado en tempo e forma, e publicados na web, tras ser aprobado pola Comisión Permanente/Xunta de Centro das Escolas.
- > A media de alumnas/os por grupo de docencia, indicador I15, non varía nos cursos 2018-2019 e 2019-2020 visualizase a continuación:

CURSOS	2018-2019 e 2019-2020		
	I15	Tamaño grupos horas A	Tamaño grupos horas B
Ourense	100%	50%	25%
Pontevedra	100 %	50-25%	12-16%
Meixoeiro	100%	50%	25%
Povisa	100%	50%	25%

- > A duración media dos estudos (I010-DO) estimada na Memoria vixente é de 4,5 anos. En relación ao título o tempo empelado polo alumno/a en finalizar os seus estudos no curso 2018-2019 sitúase en 4,4 anos, e no curso 2019-2020 en 4,26, cifras moi similares entre si e praticamente iguais á obtida do curso 2017-2018 (4,23)



- > COORDINACIÓN: os centros levan a cabo acciones de coordinación horizontal e vertical como figura no informe de coordinación de cada Escola. Ao mesmo tempo, a coordinación inter_centros realiza-se a través da Comisión de Titulación, facilitando en gran medida a unificación de criterios. En relación ás prácticas clínicas do Grao en Enfermería, no curso 2019-2020, pola situación de pandemia, desde a Comisión de Titulación tomouse a decisión de modificar o criterio de avaliación para dar resposta ao estado de alarma, como estableceuse no plan de continxencias.

> MOBILIDADE: A participación do alumnado en programas de mobilidade observase na seguinte táboa:

I 3:EVOLUCIÓN DOS INDICADORES DE MOBILIDADE

E.U.E MEIXOEIRO	CURSO	Intercambio internacional	Intercambio nacional	Intercambio nacional	Intercambio internacional	ESTUDIANTES MATRICULADOS/AS	% MOVILIDAD
		saintes	saintes	entrantes	entrantes		
2018-2019	1	1			11	49	26,5
	2019-2020	6	1		1	55	12,7
EUE OURENSE	CURSO	Intercambio internacional	Intercambio nacional	Intercambio nacional	Intercambio internacional	ESTUDIANTES MATRICULADOS/AS	% MOVILIDAD
		saintes	saintes	entrantes	entrantes		
2018-2019	1				1	44	4,5
	2019-2020	2			3	52	9,6
EUE PONTEVEDRA	CURSO	Intercambio internacional	Intercambio nacional	Intercambio nacional	Intercambio internacional	ESTUDIANTES MATRICULADOS/AS	% MOVILIDAD
		saintes	saintes	entrantes	entrantes		
2018-2019	4				1	38	13,2
	2019-2020	5			6	50	22
EUE POVISA	CURSO	Intercambio internacional	Intercambio nacional	Intercambio nacional	Intercambio internacional	ESTUDIANTES MATRICULADOS/AS	% MOVILIDAD
		saintes	saintes	entrantes	entrantes		
2018-2019	1				4	69	7,2
	2019-2020	5		2	2	43	20,9

A porcentaxe de estudiantes enviados a programas de mobilidade sobre o total de matriculados na titulación aumentou nos dous cursos a estudos. Por outra banda, a proporción de estudiantes recibidos no grao de Enfermería experimentaron descenso no último curso.

Indicadores de satisfacción

> ENQUISAS DE SATISFACCIÓN O ALUMNADO: As enquisas realizadas anualmente a nivel institucional, permite estimar o grao de satisfacción do colectivo coa planificación e o desenvolvemento do ensino. Os resultados son os seguintes:

	Ourense	Pontevedra	Meixoeiro	Povisa	Media
2019-2020	3,92	2,80	3,07	3,69	3,37/5
2018-2019	3,51	2,03	3,09	3,54	3,04/5

Os valores máis baixos corresponden ao centro de Pontevedra debido a que no curso 2018-2019 produciuse unha situación complexa da que se dará conta a continuación na parte do seguimento do título no centro.

ENQUISAS A PERSOAS TITULADAS: con respecto á distribución das materias do plan de estudos, o grao de actualización dos contidos do plan de estudos, as metodoloxías empregadas para o desenvolvemento do ensino, a orientación académica recibida, a orientación profesional e laboral recibida e aos programas de mobilidade, de ser o caso:

- > Ourense: 2,84/5; Pontevedra: 3,11/5; Meixoeiro: 3,00/5; Povisa: 3,06/5;
sendo a media do título de 3/5

ENQUISAS DE AVALIACIÓN DOCENTE: O alumnado emite unha valoración positiva en relación coas materias como se pode observar na continuación:

Creo que o/o profesor/para prepara organiza ben as actividades: 3 (...) 3.1. clases teóricas 3.2. Clases prácticas (...) 3.3. Outras (resolución de exercicios, ...) 3.4. Traballo autónomo do alumnado:

- > Ourense 3,75/5; Pontevedra 3,57/5; Meixoeiro 3,85/5; Povisa 3,88/5;
sendo a media do título de 3.76/5

2.- GRADUADO/A EN ENFERMARÍA NO CENTRO DE PONTEVEDRA

Os indicadores asociados aos bloques presentados son de especial importancia e debe valorarse a súa adecuación e suficiencia en relación co definido na memoria de titulación. Respecto ao cumprimento das metas para o curso 2018-2019 e 2019-2020, foron acadadas para estos aspectos. Xa que para o análisis do título foi necesario presentar os datos dos catro centros xa existen aspectos analizados con suficiencia na nos parágrafos anteriores polo que nesta segunda parte do criterio analizaremos os resultados seguintes: Analizando os datos sobre a procedencia dos matriculados obtense que o perfil de ingreso do alumnado (grado) do centro é moi similar ao dos últimos cursos académicos.

A modalidade de acceso nos dous cursos foi similar á de anos anteriores, sendo bacharelato a maior entrada de estudiantes, seguida de Formación profesional, véndose tan só un mínimo incremento do alumnado de bacharelato fronte ao de FP.

A matrícula: as prazas son limitadas: 50. Nos cursos analizados a matrícula de novo ingreso (I04-AC) rexistrada na Escola de Enfermaría de Pontevedra foi a mesma cifra, 51 persoas. Cubríndose as 50 prazas ofertadas, sendo a demanda superior á oferta, pechando a matrícula con lista de espera.

I04- A Matrícula novo ingreso por preinscripción	
CURSO	Pontevedra
2019/2020	51
2018/2019	51

Perfil real de ingreso: mantense a Proba de acceso á universidade como vía principal de acceso cun lixeiro aumento gradual a través destes tres últimos cursos.

Indicadores de Seguimento			Resultado Curso 19-20		Resultado Curso 18-19		Resultado Curso 17-18			
E3	I2	Perfil de ingreso do alumnado (grao)	Bacharelato (LOE) e Selectividade. Ciencias e Tecnoloxía		1	Muller: 1	6	Muller: 5 Home: 1		
			Bacharelato LOMCE e ABAU. Ciencias	33	Home: 5 Muller: 28	26	Muller: 22 Home: 4	24		
			FP	13	Home: 1 Muller: 12	22	Muller: 20 Home: 2	20		
			Maiores 25 Anos	2	Muller: 1 Home: 1	1	Muller: 1	1		
			Graduados	2	Home: 2					
			Maiores de 45 años			1	Muller: 1	1		
			Acreditación ou credencial de homologación do título de bacharel	1	Muller: 1			1		
			TOTAL:	51	M: 42 H: 9	51	M: 45 H: 6	53		
								M: 44 H: 9		

Nota mínima de acceso permanece por encima da meta establecida (9) e foi subido progresivamente nos cursos estudiados. Considerase positiva polo que debe manterse o indicador na meta de maior o igual 9.

Nota mínima de acceso	
CURSO	Pontevedra
2019/2020	9,81
2018/2019	9,48
2017-2018	9,41

Os resultados considéranse moi positivos, o que non é impedimento para que a Escola desenvolva un plan de promoción e captación de estudiantes para o título no noso centro, participando en diferentes actos e charlas informativas sobre o título e colaborando nalgún tipo de evento relacionado con estratexias de promoción da titulación e de captación de alumnado, e con actividades do propio Campus e da propia Unidade de captación de alumando da Uvigo, todo elo co obxectivo non de captar a mais alumando se non coa vontade de captar ao mellor, ao alumando con talento.

Relación entre a oferta e a demanda: Xa quedou establecido que a demanda do titulación é moi elevada, sendo necesario, para acceder, contar con unha nota media alta de expediente académico.


RELACION ENTRE A OFERTA E A DEMANDA:

	Nº de prazas ofertadas	Preinscritos en 1ª opción	% Preferencia	% Ocupación	% Adecuación
2019-2020	50	174	348,00%	102%	45,10%
2018-2019	50	82	164,00%	102%	50,98%
2017-2018	50	65	130,00%	100%	32,%

Os resultados son bons e manténdose ou mellorando cada curso como figura na mayoría dos resultados. Analízanse a continuación:

Ocupación, preferencia e adecuación:

As taxas indican que nos dous últimos cursos analizados cómprense as metas establecidas polo que non é necesario modificalas nin adoitar propostas de mellora. O resultado nos cursos analizado foi do 102% lixeiramente superior ao 100% previsto na meta debido a causas alleas ao centro producidas durante o proceso de chamamento.



As porcentaxes do indicador de preferencia, I03-AC, (relación entre o número de alumnos e alumnas que elixen un grado en primeira opción e o número de prazas ofertadas dese grado), evoluciona positivamente, (130%), sendo a meta do 100%. Chama a atención a preferencia do curso 2019-2020 resultado elevado e resulta ocasional cuxa evolución deberá ser estudiada con mais detemento no próximo informe.

A porcentaxe do indicador de adecuación que fai referencia ao porcentaxe do estudando de novo ingreso nun grado procedente de prescripción que elixiron ese grado en primeira opción, que ten unha meta asociada ≥32% tamén foi superada nestes cursos. Pode observarse como nos valores da taxa parece establecerse unha tendencia ao alza nos últimos 2 cursos con relación a taxa mais baixa rexistrada, a do curso 2017-2018, resultado que quedara pendente no anterior informe de revisión pola dirección de revisar a súa evolución e valorar se trala acción de mellora programada para ese curso para que a escola participase na captación de novo alumando, o que dado a mellora dos resultados, estes considéranse positivos.

O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas: establecécese o grupo grande (100% do alumnado) normalmente para as sesións magistrais e outras metodoloxías docentes que poidan ser realizadas co grupo completo (50 persoas), grupos medianos (50-25% do alumnado) para realizar as actividades nos seminarios e grupos pequenos para obradoiros (12-15% do alumnado).

Xa quedou establecido que o carácter das ensinanzas, a definición de módulos (formación básica, obligatorias, optativas, etc.) xunto á correspondente asignación de ECTS e a denominación das materias adecuase ao recollido na memoria do título e ao publicado na páxina web da escola. En xeral, o plano de estudos no centro desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Ordenación docente:.

O centro segue a o plan de coordinación docente e a Normativa de Elaboración, Aprobación e Publicación de Guías Docentes da Universidade de Vigo. De modo que toda a información relativa ás distintas materias é de fácil acceso. As diferentes coordinacións de materia e curso revisan as competencias asociadas con cada materia, así como as actividades formativas, contidos e sistemas de avaliación, de xeito que segan sendo congruentes co establecido na Memoria vixente do título. Nos dous cursos, a información pública mínima relevante e necesaria foi publicada.

No curso 2018-2019 a docencia tivo un desenvolvemento presencial habitual, pero no 2019-2020 unha serie de acontecementos alteraron o desenvolvemento normal da docencia:

- > Día 10 de marzo a Vicerrectoría de Comunicación e Relacións Institucionais da Universidade de Vigo, xa enviou unha Instrucción de información e recomendacións fronte ao Coronavirus. Ese mesmo día, desde a Dirección de Enfermería da área Norte do SERGAS chéganos a suspensión das prácticas hospitalarias.
- > Día 12 de marzo, o presidente da Xunta de Galicia anuncia, en comparecencia ante os medios, a suspensión de toda actividade docente presencial e polo tanto a Universidade de Vigo, en resolución Reitoral do 13 de marzo, acorda suspender a docencia presencial e en Resolución Reitoral do 14 de marzo, acorda que, a partir do luns día 16 de marzo, todos os centros permanecerán pechados durante 16 días.
- > Este primeiro prazo en vista da declaración do estado de alarma e as súas prórrogas, resultou ser unha situación sine die e o curso continuou por medios telemáticos ata finalizar. Esa fin de semana a actividade xa foi frenética, os equipos directivos dos centros, os servizos administrativos e as autoridades académicas, estableceron as pautas para poder continuar a actividade docente e administrativa.
- > As dependencias da Escola péchanse o día 13 de marzo, comunicase á Xerencia do CHOP e responsables de seguridade do complexo, anúnciase na páxina web os medios polos que os usuarios poden contactar e durante o confinamento só acede ao centro a persoa encargada da limpeza que debe readaptar o seu labor, comprobamos que imprescindible, ás recomendacións das autoridades sanitarias.
- > A Escola de Enfermería reorganizou a actividade docente cos recursos da Universidade de Vigo, "Campus Remoto" e a actividade administrativa cos recursos do CAU da Deputación de Pontevedra.

Acontecementos que deron lugar a unha posterior reorganización da docencia explicada no informe a continuación: A reorganización da actividade docente foi moi rápida. A Universidade de Vigo puxo en marcha nun tempo record o servizo de Campus remoto. O Campus remoto arrancou coa plataforma existente, FAITIC, en tanto non arrancou a plataforma Moovi. O programa Campus Remoto, puxo en marcha o servizo de aulas virtuais. A Escola de Enfermería tiña á súa disposición 22 aulas virtuais ás que se conectaban profesorado e alumnado da materia. Ademais das aulas virtuais, os profesores contaban con despachos virtuais que lles permiten realizar tutorías individualizadas e grupais. Os despachos virtuais do profesor tamén foron o espazo utilizado para a defensa dos TFG.

As guías docentes estiveron dispoñibles nos prazos estipulados unha vez foron aprobadas en Xunta de centro e antes da apertura dos prazos de matrícula correspondentes, ao igual que ocorreu coa demais información necesaria relacionada coa planificación das ensinanzas: horarios, fechas de evaluación, todo o relacionado co TFG, as prácticas clínicas, etc.

Nestes dous curso a estudio, mantívose e séguese a potenciar como ferramenta esencial na planificación da docencia, a elaboración do cronograma diario, de maneira que sirva como elemento de control da presenza do alumno no aula ao asegurar o cumprimento en base ás diferentes metodoloxías contempladas na guía docente publicada. O cronograma serve para evitar repeticións dos contidos, para a organización dos tempos por parte do profesorado, evitar solapamentos, asegurar que o estudiantado non exceda a presencialidade e ter programados os cronogramas diarios das materias antes do inicio das clases xa que o calendario da Uvigo hai uns anos que establece o inicio do curso no primeiro luns do mes de setembro. Ao establecer os horarios distribúese o desenvolvemento secuencial da docencia no cronograma diario comentado. O cronograma diario facilítaselles aos estudiantes ao comezo do curso de maneira que estes coñezan cales son os contidos da materia, os horarios por grupos, as probas availables, etc.., o que lle facilita a súa auto-organización en cada período docente, permítelle a revisión transversal dos contidos para as reunións de coordinación e, en caso dunha posible alteración do cronograma por algunha ausencia do profesorado, pódase continuar sen alteración na evaluación das competencias asociadas á materia. Ademais tívose en conta que aquelas materias que realicen traballos tutelados poidan facelo no aula e no horario asignado garantindo o espazo para iso.

No curso 2019-2020, esta ferramenta permitiu continuar coa docencia seguindo as diferentes metodoloxías docentes programas e as evaluacións continuas previstas.

O mesmo fixose cos horarios das materias que teñen talleres en aula de prácticas ou en aula/laboratorio de simulación e así os horarios non entran en conflito, a non ser que haxa estudiantes que estean matriculados en materias de cursos distintos. Nestes casos é probable que se produzan problemas de horarios e, no caso das prácticas clínicas e/ou calquera materia con actividades obligatorias, debe ser o propio alumno quen realice a súa programación no momento da matrícula.

Estas metodoloxías en pequenos grupos tamén se viron afectadas polo estado de alarma xa que nelas é onde se aprende ao “saber fazer” grazas á teoría e demostración por parte do profesorado e a práctica individual do alumando na adquisición das destrezas necesarias.

Para paliar esta situación realizáronse os obradoiros afectados pola situación de pandemia (segundo semestre), de xeito presencial nas dúas primeiras semanas do curso 2020-2021, ao iniciarse o curso en docencia semipresencial

A coordinación docente (informe no apartado web de calidad) é imprescindible para asegurar o correcto desenvolvemento do Plan de estudios: mantense, en aras dunha mellor coordinación para a evaluación das competencias, un deseño do plan de ordenación docente no que a maioría das materias impártanse por varios/as profesores/ as. Para a análise dos resultados realizáronse reunións de coordinación académica durante os meses de marzo e abril de 2019 co profesorado do primeiro período académico, e co do segundo período nos meses de abril e maio, co fin de mellorar a operatividade da coordinación e co dobre propósito

de que evitar atrasos no momento da confección e/ou revisión das guías docentes e a elaboración do cronograma diario de actividades que todo ten que estar preparado para a súa revisión pola Comisión de calidade, previa á Xunta de centro (Non se fixeron reunións deste tipo no curso 2020).

Existen actividades relacionadas coa coordinación vertical e horizontal no relativo tanto ao alumnado como ao profesorado. Neste sentido celébranse reunións periódicas coas persoas coordinadoras das materias, para facer un seguimento do desenvolvemento das actividades planificadas do alumnado garantíndose desta forma o cumprimento de horas de traballo do mesmo, reunións de coordinación entre o profesorado de materia e/ou materia co coordinador/a de a mesma, das persoas anteditas coa coordinación horizontal formada polas persoas coordinadoras de curso e, finalmente coa coordinación do título (coordinación vertical). Realízanse reunións cos representantes do alumnado para detectar problemas no desenvolvemento da docencia e poder planificar os ensinos tendo en conta as súas propostas, na medida do posible, sobre todo no referente aos horarios das probas availables e a súa distribución ao longo do curso, evitando duplicidade de exames no mesmo curso. No curso 2019-2020, as reunións entre a coordinación de título e as coordinacións de materia, foron moitas e realizáronse a nivel individuais revisando as ponderacións máximas das avaliacións continuas e consensuando o texto das modificacións que figuran no informe en DocNet.


As prácticas clínicas son materias independentes, na súa planificación e desenvolvemento contase cunha estrutura xa consolidada. As 5 materias de prácticas clínicas se desenvolven seguindo o mapa de rotacións das prácticas que cada curso mantense actualizado en relación as prazas dispoñibles, isto é, todos os recursos do área norte da provincia de Pontevedra, que o SERGAS a través do convenio establecido, pon a disposición da escola. Nesta liña o centro estrutura as súas prácticas contando cos recursos e requirimentos dos centros asistenciais de atención especializada e atención primaria, das diferentes áreas de saúde. O desenvolvemento da planificación feita a través do mapa de practices, permite que se lle oferte ao estudiantado unhas prácticas o más homoxéneas posibles entre eles, o que precisa múltiples rotacións en distintas unidades e especialidades de enfermería nos diferentes centros asistenciais nos que o estudiante fai as súas prácticas. A cada estudiante se lle asina un código ao inicio das prácticas e seguirá un plan preestablecido ao longo das 5 materias, pudendo escoller os centros de saúde e outras rotación por proximidade ao seu domicilio e, ao non ser un sistema ríxido, permite á persoa coordinadora de prácticas clínicas, adaptar ao alumando nas mellores opcións dispoñibles. Estas adaptación fanse unha vez se coñeza a matrícula do alumando. O conxunto das Prácticas Clínicas permite ao estudiante incorporar os valores profesionais, competencias de comunicación asistencial, razonamento clínico, xestión clínica e xuízo crítico, integrando na práctica profesional os coñecementos, habilidades e actitudes da Enfermería, baseados en principios e valores, asociados ás competencias das materias/materias do Título. Tamén permiten ao alumnado a aplicación dos coñecementos teóricos e metodolóxicos da Enfermería cun desenvolvemento gradual, ao estar deseñadas por niveis de dificultade crecente na adquisición das competencias. Esta complexa planificación das prácticas clínicas, esixe, desde o punto de vista da coordinación do título, a figura de unha persoa coordinadora de entre o profesorado a tempo completo, e a constitución dun grupo de profesorado específico, neste curso pasamos de 6 a 8 enfermeiros/as, que ademais da docencia que imparte noutras materias, se dedique de maneira grupal a avaliación das competencias adquiridas polo

alumnado unha vez desenvolvidas a prácticas clínicas no centros asistencias, a través da confección de escenarios que o alumnado realizará como parte das probas de simulación de situación reais ou simuladas, onde o grupo de profesorado poida comprobar a correcta adquisición gradual das competencias por parte do alumnado. No curso 2019-2020, polas súas características específicas alterouse o desenvolvemento das practicas unha vez que foron suspendidas pola situación sanitaria, pero como o alumando xa fixera un porcentaxe elevado das súas prácticas, en case todos os casos, foi posible que se completase o tempo marcado obrigatorio no período da segunda oportunidade sen que se producira ningunha situación salientable con respecto a isto.

En relación ao TFG, antes do inicio do curso, publicouse na web, o calendario das actividades previas programadas para o primeiro semestre e o calendario do segundo semestre. O TFG desenvolveuse adecuadamente baixo o regulamento de centro que regula e xestionan todos os procesos de realización e defensa do mesmo. O TFG conta con horas de tutorías grupais presenciais (30 h) do alumando, tempo que lle permite recibir apoio e facilita a coordinación da materia xa que coas sesións informativas se mellora a coordinación do proceso e o alumando de 4º curso conta cun curso organizado desde a Biblioteca da Universidade de Vigo. No curso 2019-2020, estableceuse un cambio normativo relacionado coa defensa do TFG debido á entrada en vigor do estado de alarma. Neste sentido a Uvigo permitiu un cambio no relativo á exposición e defensa do TFG adoptando a escola a modalidade de defensa pública ante tribunal unipersonal a través do CampusRemoto informando ao alumnado en tempo e forma da modificación.

A duración media dos estudos, 4,26 e 4,36 anos respectivamente en cada curso a estudio. En ambos casos, establecidas en menos de 4,5 anos, a media estimada na memoria vixente do título, o que tamén considerase un resultado adecuado ao obxectivo marcado.

Duración media dos estudos



ENQUISAS DE SATISFACCIÓN DO ALUMNADO SOBRE ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO ENSINO:

No curso 2017-2018, o resultado das enquisas de satisfacción do alumnado sobre a organización e desenvolvimento do ensino, foi de 3/5, lixeiramente inferior ao da media do título, 3,16/5, e a dos graos da rama de coñecemento, e igual á media da Uvigo en xeral, establecido en 3,0/5.

GRAO ENFERMARIA	GRAO ENF. Pontevedra	RAMA DE CC SAÚDE	GRAOS UVIGO	UVIGO
3,16/5	3/5	3,17/5	2,85/5	3,0/5

No curso 2018-2019 os resultados foron baixos e moi dispares entre homes (4 participantes) e mulleres (19) 23 participantes. A % de participación rexistrado nas enquisas é do 60,5%.

1	Organización e desenvolvemento: media: 2,3/5			
1	A estruturación ou organización temporal das materias do plan de estudos	H	4	4,0
		M	19	1,5
1	A estruturación ou organización temporal das materias do plan de estudos	T	23	2,0
2	A coordinación entre as materias do plan de estudos	H	4	3,2
		M	19	1,9
2	A coordinación entre as materias do plan de estudos	T	23	2,1
3	Os horarios da titulación	H	4	1,5
		M	19	1,4
3	Os horarios da titulación	T	23	1,43
4	O calendario das probas de avaliación	H	4	4,7
		M	19	2,63
4	O calendario das probas de avaliación	T	23	3,0
		H	4	3,75
5	A cantidad de prácticas realizadas nas materias da titulación	M	19	2,33
5	A cantidad de prácticas realizadas nas materias da titulación	T	23	2,59
		H	4	3,66
6	A orientación académica recibida no plan de acción titorial	M	19	2,50
6	A orientación académica recibida no plan de acción titorial	T	23	2,66

No curso 2019-2020: Os resultados melloran e deben seguir nesta liña ascendente. Os homes non participan na enquisa neste curso. A % de participación rexistrado nas enquisas é do 14%,

1	Organización e desenvolvemento: media 2.8/5			
1	A distribución e orde das materias no plan de estudos	2,86	---	2,86
2	A coordinación entre as materias do plan de estudos	2,86	---	2,86
3	Os horarios da titulación	1,57	---	1,57
4	O calendario das probas de avaliación	2,14	---	2,14
5	A utilidade das prácticas da titulación	4,57	---	4,57
6	A orientación académica recibida no plan de acción titorial	2,83	---	2,83

Para explicar os resultados neste e nos demais criterios (coa excepción de resultados de aprendizaxe) no que atinxe aos resultados da satisfacción do alumando é preciso especificar que no curso 2018-2019 produciuse unha situación complexa, arrastrada do curso 2017-2018, co alumnado de terceiro (curso que resposta ás enquisas, ao promover este alumnado a iniciativa de non acudir a realizar as prácticas curriculares a o Hospital do Salnés un dos tres Hospitais que forman o Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra_Salnés, Complexo onde o alumando da escola realiza a súas prácticas.

Esta situación coincidiu co cambio na persoa coordinadora das prácticas clínicas e ademais fixeron partície do conflito ao alumnado de segundo, áinda que, as prácticas realizáronse neste curso nos distintos centros tal e como estaba establecido e publicado. Tralo aviso por parte do alumando do que ía pasar nas enquisas, todos os ítem obtiveron resultados negativos e só acadou o valor positivo mínimo o bloque de Resultados de aprendizaxe.

Sabíase que a situación na avaliación negativa da satisfacción podería repetirse ou manterse no curso 2019-2020. De feito, unha persoa volve a manifestar neste curso o seu desacordo e, nesta ocasión, diríxese á Defensora Universitaria para expoñerlle o mesmo conflito. O final, esta situación foi solucionada pola Defensora Universitaria a favor da Escola, pero isto non impidiu o malestar no curso, malestar que volveuse plasmar nas enquisas de satisfacción, mais os resultados son mellores que no curso anterior e superan o 3/5 non só en resultados de aprendizaxe, senón tamén en recursos materiais.


A escola intenta transmitir aos distintos grupos de interese, neste caso ao alumando, a importancia de participar nas enquisas de avaliación. No curso 2018-19 a porcentaxe de participación rexistrada é dun 60,5%, pero corresponde cunha poboación de 38 persoas, e dela só responden 4 homes e 19 mulleres (23 persoas participantes), respuestas cunhas moi importantes diferenzas entre a valoración de homes e mulleres o que apoia a idea que xa tiñamos do resultado negativo da satisfacción por parte do grupo de mulleres. No curso 2019-2020 os homes non participaron e só o fixo un grupo do 14% de mulleres. Dadas as disparidades e incoherencias entre os anteditos resultados, isto será valorado con detemento no apartado do seguimento do título deste informe e, dado que a satisfacción das persoas tituladas nos cursos anteriores é satisfactoria e a mellora paulatina da satisfacción no curso 2019-2020, incluso en situación de pandemia, marcan a tendencia positiva estimase que a satisfacción no próximo curso 2020-2021 acade resultados satisfactorios ou polo menos similares os obtidos ao longo do histórico do título, sen o establecemento de accións específicas de mellora. Prestarase atención especial aos resultados que expresen as persoas tituladas

Con respecto aos horarios da titulación, resultado moi baixo onde coinciden tanto homes como mulleres, no curso 2018-2019, púxose en marcha unha acción de mellora para que as persoas delegadas do alumando recadasen información e consensuasen coas demais, a posibilidade de cambio nos horarios, sobre todo en segundo curso, acción que non reflexa os resultados esperado no curso 2019-2020 ánda que neste ítem neste curso, coa pandemia e o paso a docencia online, o resultado tampouco é moi valorable.

A satisfacción das persoas tituladas co "Bloque 1-Organización e desenvolvemento" obtivo un resultado satisfactorio de 3,46/5: mulleres 3.38/5 e homes: 4.29/5

Grado de satisfacción do alumnado coa actividade docente do profesorado (I04-DO): obtivéronse valores superiores a 3, concretamente 3,43/5 en el curso 2018-19, 3.74/5 en el curso 2019-2020.

Valores positivos que reforzan o comentado con anterioridade e que esperamos manteñan a tendencia ao alza no curso 2020-2021.



O dato recollido das persoas tituladas tamén foi satisfactorio neste ítem: 3.32/5,

Puntos débiles detectados:	Accións de mellora a implantar:
<p>1.- GRADO EN ENFERMERÍA</p> <p>Curso 2018-2019: A memoria vixente debe ser actualizada ao haberse retirado a declaración de interese de modificación da Memoria presentada no curso 2017-18, por acordo unánime e co compromiso de presentala no curso 2018-19. Convocatoria 2019</p> <p>Curso 2019-2020: é necesario cumplir co acordo de solicitar a modificación da memoria na convocatoria do 2020</p> <p>A participación en programas de mobilidade é mellorable</p>	<p>1.- GRADO EN ENFERMERÍA</p> <p>Curso 2018-2019: Presentar unha nova declaración de interese para a modificación da Memoria no curso 2018-19</p> <p>Curso 2019-2020: Presentar unha nova declaración de interese para a modificación da Memoria no curso 2019-20</p> <p><u>Grao enfermería Pontevedra:</u> Realizar sesións divulgativas e motivadoras para promover a mobilidade nacional e internacional.</p>

Evidencias nas que basea a valoración:

- E1: Memoria vixente do título
- E2: Informes de verificación, modificación, seguimiento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora
- E3: Perfil de ingreso do alumnado(grao)
- E4: Guías docentes (actividades formativas, metodologías docentes e sistemas de evaluación, por materia e curso académico)
- E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidad
- E6: Listaxe de estudiantes que solicitaron reconocimiento de créditos indicando o número de créditos reconocidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).
- QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

Indicadores nos que se basea a valoración:

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescripción

I2: No caso de mestrado, número de estudiantes de novo ingreso por titulación de procedencia

I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudiantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudiantes que participan en programas de mobilidade e estudiantes matriculados,...)

I09(2)-DO: Estudiantes estrangeiros

I4/I05-DO / I06-DO / I07-DO / I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.

I01-AC: Nota media de acceso

I01(2)-AC: Nota mínima de acceso

I02-AC: Ocupación

I03-AC: Preferencia

I03(2)-AC: Adecuación

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidad.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e atópase dispoñible, en tempo forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudiantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de interese).

1.- GRAO EN ENFERMERÍA:

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información sobre o título de Grao en Enfermería é visible e facilmente localizable, a través dos mecanismos establecidos que garantan a dispoñibilidade da información pública relevante, mantela actualizada e accesible a todos os grupos de interese relacionados co título de Graduado/a en Enfermería. Para o acceso e a difusión da información pública o título dispón de diferentes canles a través do portal da Uvigo e os propios das webs de cada centro.

Na ligazón <https://tv.uvigo.es/>, UvigoTv, accédese a un das canles de información do título.

Neste punto, enténdese necesario mellorar a información dispoñible na devandito canle a través de vídeos más actualizados.

A páxina web de cada Escola dispón de distintos apartados nos que se localiza a información relativa a procesos de xestión e administración. Na portada da páxina web da Universidade de Vigo, na pestana de "estudos e titulacións - Graos", no apartado de Ciencias da Saúde dedicado a Enfermería, figuran nunha primeira visualización datos xerais sobre o título (centros). Dentro de último apartado accédese a información relativa a: rama, créditos, prazas, saídas profesionais, tamén facilita o acceso a: guías docentes das materias cursadas nos distintos centros docentes do Grao, vías de acceso, saídas profesionais, e vídeos de opinión do alumnado que cursa o Grao.

Ligazóns: http://www.uvigo.gal/uvigo_é/estudos/ http://www.uvigo.gal/uvigo_é/estudos/graos/

En relación á transparencia pasiva debemos sinalar que se persegue diminuir os tempos de resposta en relación ás solicitudes de información, buscando procesos cada vez más diligentes. Non se recollerón QSP relacionados con este criterio.

INDICADORES DE SATISFACCIÓN:
> ENQUISA DE SATISFACCIÓN O ALUMNADO:

O resultado das enquisas de satisfacción do alumnado sobre a satisfacción coa web e a información pública foi:

Curso 2019-2020:

	Ourense	Pontevedra	Meixoeiro	Povisa
"La facilidad para encontrar contenidos en la páx web				
<i>La utilidad de la páx. web da titulación</i>	3,40	2,38	3,18	3,17
<i>La utilidad de la información sobre la titulación transmitida por otros soportes</i>				
<i>La información sobre las actividades extracurriculares (culturales, deportivas,...")</i>	3,03/5			

> ENQUISA DE SATISFACCIÓN DAS PERSOAS TITULADAS:

	Ourense	Pontevedra	Meixoeiro	Povisa
"La facilidad para encontrar contenidos en la páx web				
<i>La utilidad de la páx. web da titulación"</i>	3,03	3,69	3,00	3,71
	3,36/5			

Datos do título que se consideran satisfactorios

2. GRADUADO/A EN ENFERMERÍA NA ESCOLA UNIVERSITARIA DE PONTEVEDRA

A través do plan operativo de información pública R1 do-0301 P1 establecense os mecanismos necesarios que permitan garantir a disponibilidade da información pública relevante, mantela actualizada e accesible a todos os grupos de interese relacionados co título de Graduado/a en Enfermería na Escola Universitaria de Enfermería de Pontevedra e cumplir co establecido nos programas de calidade da Uvigo.

1. Canles de difusión:

Para a difusión da información pública, a Escola Universitaria de Enfermaría de Pontevedra, dispón de diferentes canles para o acceso e a difusión da Información Pública relativa ao propio centro como ás titulacións nel impártense, que neste momento é o título de Graduado/a en Enfermería e o curso de adaptación ao devandito Grao:

- > Páxina web do centro: <http://www.enfermeria.depo.es/>
- > Acceso á información pública do título: <http://www.enfermeria.depo.es/73>

- > No curso 2018-2019: Faitic: Servizo de teledocencia da Universidade de Vigo
- > www.faitic.uvigo.es/index.php/es/ A partir de finais do curso 2019-2020 plataforma en Moodle, Moovi.
- > Contacto co centro e secretaría de alumnado: <http://www.enfermeria.depo.es/localizacion>
- > Listados de correo do PAS e profesorado: <http://www.enfermeria.depo.es/profesorado>
- > Pantalla de TV: situada na entrada do centro (4ª planta) como sistema de información
- > Panel de anuncios: separados por curso e temáticas, situados en la entrada
- > Acceso ás redes sociais de Uvigo: <https://www.facebook.com/uvigo> <https://twitter.com/uvigo>
- > Material gráfico impreso dedicado á promoción do centro e o título.

2. Requerimientos de información pública: por unha banda, no Seguimento de Títulos Oficiais publicado por ACSUG establecese cal é a información mínima relevante a publicar sobre un título e polo outro, a Vicerrectoría de Alumnado, Docencia e Calidade e a área de Apoyo á Docencia e Calidade da Universidade de Vigo establecen a súa proposta sobre a información pública mínima para que sirva de guía á organización das páxinas webs dos títulos de Uvigo, para facilitar a información aos distintos grupos de interese. Recóllese tamén unha estrutura guía para a elaboración das webs. Ambas recollidas no documento “Información que a Universidade de Vigo facilita de cada un dous seus títulos” dispoñible en:

http://calidade.uvigo.es/opencms/export/sites/calidade/calidade_gi/documentos/Anexo_II

A Escola de Enfermería de Pontevedra asumindo como propio este criterio, e seguindo o anexo II, fai pública dita información a través da web do centro. <https://enfermeria.depo.gal/es/73>.

En primeiro lugar presentase a información do centro: Información pública e estrutura da páxina web do centro. Neste apartado preténdese facilitar información xeral do centro responsable da docencia, entre a que se contan datos de carácter administrativo, describense aspectos xerais do funcionamento e facilitase información de interese para un máximo aproveitamento e integración do alumnado.

Na páxina web do Centro, aparecen entre os mínimos solicitados, os seguintes apartados:

- Inicio
- Información xeral: Presentación
- Localización e contacto
- Organización e funcionamento do centro Servizos e infraestruturas do centro
- Organización docente
- Normativa e lexislación do centro
- Titulacións
- Alumnado
- Mobilidade
- Calidade
- Ligazóns aos títulos oficiais adscritos ao centro

- Outra información do centro
- Outras webs de interese
- Área privada
- Buzón de QSP

Na táboa que figura a continuación recollese a listaxe da información mínima relevante que figura na web da escola, sobre o título segúن o anexo II: Información do Título

Información xeral	Idiomas nos que se imparte o título Profesións reguladas para as que capacita, no seu caso. Modificacións do título - Informe das modificacións (se procede) Acceso e admisión de estudiantes Información previa á matriculación sobre acceso e admisión Perfil de ingreso recomendado; Número de prazas ofertadas Vía de acceso, opción e nota de acceso
--------------------------	---

Acceso e admisión de estudiantes

Organización docente	Planificación dos ensinos TFG - Información xeral (enfoque, desenvolvemento, Comisión, Convocatorias ...) - Normativa do TFG (xeral e/ou específica) Prácticas externas - Información xeral (materia ás que van ligadas, información Complementaria ...) - Avance de centros onde se poden realizar as prácticas - Normativa (xeral e/ou específica) Programas de mobilidade - Programas de mobilidade - Avance de centros con convenios asinados - Normativa (xeral e/ou específica)
-----------------------------	--

Personal académico

	Información mínima: categoría académica, vinculación coa Universidade, outros se procede (experiencia docente, experiencia investigadora, liñas de investigación do PDI,...) · Información de contacto - O apartado de «Información sobre o profesorado» inclúe o cadro docente de profesorado por ano e un breve perfil dous profesores/ as da escola que contén nome, categoría, breve currículo vitae dous profesores/ as.
--	---

Recursos materiais e servizos

Outras Informacións:	Cronogramas do centro Periodos de docencia no centro Avisos e información sobre TFG Avisos relacionados con actividades académica e PAT; Recursos bibliográficos
Calidade	Calendario de implantación; Indicadores/resultados previstos; SIGC

Curso de adaptación ao grao

Outras actividades no centro

Memoria vixente

Tamén se teñen en conta como vías de comunicación, as charlas informativas por curso para a promoción do centro e do título e para fomentar a participación do alumnado nas actividades da vida académica.

No deseño da páxina web da Escola de Enfermería de Pontevedra tivérонse en conta os requisitos mínimos relevantes en canto a información pública establecidos nos apartados anteriores.

A páxina web: Esta páxina web foi actualizada polos membros da dirección do centro, mellorando tamén a súa configuración facéndo-a máis accesíbel, clara, intuitiva e plurilingüe actualizando constantemente a información e revisando a adecuada utilización da linguaxe inclusiva. Desta maneira toda a información que toda a información publicada (taboleiros ou outros sistemas), publícase tamén na web de maneira que sempre estea dispoñible.

Os resultados dispares e incoherentes das enquisas de satisfacción do alumnado do noso centro en relación á Información e transparencia que se presentan a continuación, ao igual que nos demais criterios, nestes cursos, xa foron comentados no criterio 1:

Curso 2018-2019: 2,54/5

A accesibilidade da información sobre a titulación publicada na web	H	4	3,7500
A accesibilidade da información sobre a titulación publicada na web	M	19	2,6842
A accesibilidade da información sobre a titulación publicada na web	T	23	2,8696
A utilidade da información sobre a titulación publicada na web	H	4	3,7500
A utilidade da información sobre a titulación publicada na web	M	19	2,3158
A utilidade da información sobre a titulación publicada na web	T	23	2,5652

Curso 2019-2020: 2.38/5		Total	H.	Mulleres
7	A facilidade para atopar contidos na páxina web	2,71	----	2,71
8	A utilidade da páxina web da titulación	3,00	----	3,00
9	A utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes	1,67	----	1,67
10	A información sobre as actividades extracurriculares (culturais, deportivas,...)	2,00	----	2,00

Satisfacción das persoas tituladas no curso 2018-2019 e no curso 2019-2020 e satisfactoria:

Curso 2018-2019:		Total	M	H
A facilidade para atopar contidos na páxina web		3,10	3,22	2,00
A utilidade da páxina web da titulación		3,33	3,38	3,00
Curso 2019-2020:				
A facilidade para atopar contidos na páxina web		3,81	3,67	3,85
A utilidade da páxina web da titulación		3,56	3,67	3,54

Durante o curso 2018-2019, realizouse a acción de mellora de actualizar a información da web no que atinxe ás recomendacións do área de igualdade da Uvigo, para a corrección da linguaxe escrita empregada en temas de igualdade e de xénero

Puntos febles detectados:	Accións de mellora a implantar: Mellorar o ao menos manter a liña de transparencia da titulación na web do centro.
----------------------------------	--

Evidencias en las que se basó la valoración:

E6: Página web de título/centro/universidad (información referida al anexo II)

R1- DO0301P1:Plan operativo de información pública

QSP relacionadas con la transparencia e/o información pública

Indicadores en los que se basó la valoración:

I4: Resultados de las encuestas de satisfacción a los diferentes grupos de interés sobre la satisfacción

Con la web e/o a información pública.

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidad formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación. Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:

GRAO EN ENFERMARÍA

Na titulación de Grao en Enfermería, como xa se vén indicando a longo do documento impártese nas catro escolas de enfermería adscritas á Universidade e Vigo, cada unha delas dispón do seu Sistema de Calidade certificado no seu deseño por ACSUG no ano 2012. Desde a Area de Calidade coordinouse unha actualización e mellora dos procedementos a nivel institucional, que si ben permitiu adaptar e simplificar algúns procedemento, no caso concreto dos centros adscritos non incluía unha adaptación completa ás características diferenzas dos mesmos.

